

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **(10/PNC-003878) (47944)** sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia á oficina Agraria Comarcal de Lugo do persoal necesario reflectido na relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Levar a cabo unha análise completa da situación actual das Oficinas Agrarias Comarcais existentes en Galicia.
- 2.- Realizar unha planificación das Oficinas Agrarias Comarcais consecuente coa realidade da actividade agrogandeira galega garantindo que as oficinas agrarias comarcais manteñan as súas función de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores das zonas correspondentes, dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o Desenvolvemento das súas funcións

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 18:02:26
Nº Rexistro: 51962
Data envío: 26/06/2019 18:02:26.993

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/06/2019 17:52:04

Daniel Vega Pérez na data 26/06/2019 17:52:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROJQAVTG6EX6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Carlos Gómez Salgado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego(**10/PNC-003723**) (**46317**) sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto medioambiental que está a xerar a xestión actual dos residuos gandeiros procedentes das granxas intensivas

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, ao igual que sucede noutras mesas constituídas, informe aos grupos parlamentarios das conclusións alcanzadas nas reunións celebradas da mesa da Limia, creada para avaliar a problemática dos residuos que orixina a actividade agrogandeira nesta comarca e por extensión en toda Galicia.”

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/06/2019 17:54:18

Carlos Gómez Salgado na data 26/06/2019 17:55:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

